

IMPORTES AXUDAS DE CUSTO, QUILOMETRAXE E OUTROS

Tempada 2022/23. Circular 22-02.

Xerais

A seguir indícanse os importes correspondentes a axudas de custo, quilometraxes e outros aplicables a todos os membros da Federación.

Para calquera desprazamento en vehículo propio a cargo da federación pagaranse 0,20 euros por quilómetro. Empregarase a táboa de distancias quilométricas por estrada do “Mapa de Carreteras” do Ministerio de Fomento.

Independentemente, pagaranse tamén as peaxes, para o que será necesaria a presentación do recibo ou xustificante correspondente.

A axuda de custo por comida establécese en 18 euros.

Desprazamentos da selección galega

Aos adestradores que se despracen acompañando a calquera das seleccións galegas corresponderalles a cantidade de 30 euros por día de competición. No Campionato de España por Autonomías pagaranse amais 50 euros polos días de desprazamento.

Concentracións organizadas pola FEGAN

Nas concentracións pagaranse os gastos de desprazamento e aloxamento aos adestradores colaboradores dos clubs.

Programa GES

Aos adestradores que se despracen acompañando a calquera dos seus deportistas corresponderalles a cantidade de 15 euros por sesión de traballo. Amais no caso de desprazarse en vehículo propio a federación pagaralles 0,20 euros por quilómetro empregando a táboa de distancias quilométricas por estrada do “Mapa de Carreteras” do Ministerio de Fomento. Independentemente, pagaranse tamén as peaxes, para o que será necesaria a presentación do recibo ou xustificante correspondente.

A Coruña, 17 de xuño de 2022